

## **Entradas para os concertos da RFG**

---

O Conservatorio, pon a disposición do alumnado 5 entradas cedidas polo Auditorio de Galicia para os concertos da temporada de abono da Real Filharmonía de Galicia, estas entradas **son exclusivamente para o alumnado do centro**.

A selección do alumnado ao que se lle concede a entrada para os concertos será en función da especialidade ou materia preferente. O alumnado pode anotarse a todos aqueles concertos aos que desexe asistir, pois no caso de que non se cubra a cota de peticións da especialidade preferente, entrarían no reparto os demais.

### **Solicitud de entradas**

- As solicitudes faranse a través do formulario da web.
- Ao principio de cada trimestre haberá un formulario cos concertos, podendo reservar entrada para calquera concerto do trimestre.
- **O prazo para anotarse remata o domingo anterior a cada concerto.**
- Non se admitirán solicitudes fóra de prazo.

### **Adjudicación de entradas**

- Os luns enviarase un correo-e coa adjudicación das entradas dos concertos de esa semana.
- As entradas asignarase por orde de inscrición tendo en conta:
  - Especialidade preferente en cada concerto.
  - Alumnado con menos entradas adjudicadas ata a data.

### **Recollida de entradas**

As entradas recolleranse directamente na billeteira do Auditorio de Galicia, unha hora antes do concerto presentando o DNI. No caso de non posuír DNI, poderase presentar o carnet de estudante ou outro documento identificativo.